

DOCUMENTO ESQUEMA ORGANIZATIVO DE SOMOS RIBADUMIA

En SOMOS RIBADUMIA estamos convencidos e creemos na necesidade de establecer un funcionamento moi aberto e participativo e traballar sempre buscando os acordos por consenso. Ademáis o cumprimento do código ético e a intención de traballar sempre en beneficio dos intereses xerais dos veciños de Ribadumia deberían **levarnos a un funcionamento baseado na confianza entre todos os asistentes.**

Aínda así quixemos redactar un documento no que quede plasmado o esquema organizativo de SOMOS RIBADUMIA e como se regulará o funcionamento interno da Plataforma; sempre coa idea de **salvaguardar a participación aberta, a igualdade de todos e a democracia interna de SOMOS RIBADUMIA.**

COMO NOS ORGANIZAMOS (Estatutos organizativos):

En Somos Ribadumia establécense dous órganos de participación: **A ASEMBLEA E A COMISIÓN EXECUTIVA.** Ao mesmo tempo, neste apartado, tamén definiremos a figura do **COLABORADOR.**

QUEN PODE PARTICIPAR NUNHA ASEMBLEA?

Calquera veciña ou veciño de Ribadumia que o desexe pode asistir ás asembleas de Somos Ribadumia e participar activamente, achegando opinións e facendo propostas.

OPCIÓN A:

A participación da veciñanza será sempre con voz e voto en todos aqueles temas que teñan que ver con posicionamentos de SOMOS RIBADUMIA ao respecto do funcionamento do Concello, política municipal, política xeral, aprobación dos programas e do código ético.

Limitarase o voto só a colaboradores/as rexistrados/as de SOMOS RIBADUMIA en aspectos que teñan que ver con cuestións organizativas internas, modificación destes estatutos e elección de candidatos.

OPCIÓN B:

Todoos asistentes a Asemblea terán dereito a voz e voto en tódolos puntos que se sometan a votación.

COLABORADORAS E COLABORADORES:

Calquera persoa veciña de Ribadumia pode ser colaboradora de SOMOS RIBADMIA. Para iso só hai que solicitalo, cubrir a ficha de “colaborador/a”, comprometerse ao cumprimento do código ético e aceptar de que os seus datos sexan incluídos na base de datos de Somos Ribadumia.

Os/as colaboradores/as de SOMOS RIBADUMIA terán os mesmos dereitos cás veciñas e cós veciños asistentes ás asembleas; ademais poderán exercer o voto en todos os puntos que se traten nas mesmas.

Os/as colaboradores/as terán dereito a poder presentarse tanto para formar parte da Comisión Executiva, coma para optar á representación de SOMOS RIBADUMIA nunha convocatoria electoral.

SOBRE OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

A ASEMBLEA: A Asemblea é o máximo órgano de decisión de SOMOS RIBADUMIA.

A Asemblea correspóndelle aprobar calquera tipo de decisión fundamental, liñas de traballo, propostas programáticas, código ético de Somos Ribadumia, así coma calquera cuestión que a Comisión Executiva acorde someter á votación da Asemblea.

Tamén lle corresponderá a elección e aprobación dos membros da Comisión Executiva, así coma das/dos candidatas/os e representantes públicas/os de SOMOS RIBADUMIA.

As decisións da Asemblea de Somos Ribadumia tomaranse por consenso sempre que sexa posible, e en caso contrario por votación. Se unha parte das persoas asistentes solicita voto secreto, deberá establecerse o mecanismo.

OPCIÓN A1

En caso de votación, para que un acordo resulte aprobado deberá contar con polo menos, 0 voto favorable do 70% de asistentes a Asemblea.

OPCIÓN B1

En caso de votación, para os acordos que teñan que ver coa modificación dos Estatutos, elección de cargos ou Comisión Executiva precisarase unha maioría de 2/3. Para o resto de votacións abundara cunha maioría simple.

Tanto os membros da Comisión Executiva como os cargos públicos de Somos Ribadumia deberán dar contas do seu traballo diante da Asemblea. A Asemblea ten a potestade de ordenarlles directrices ou propostas que deban desenvolver na súa representación ou cargo.

A Asemblea poderá revogar a representación dun/ha membro da súa comisión executiva ou cargo electo. Neste caso esixirase unha votación favorable de 2/3 das persoas asistentes.

A Asemblea terá a facultade de acordar os métodos de financiamento para Somos Ribadumia.

A Asemblea decidirá en última instancia sobre as propostas de sanción ou expulsión de persoas colaboradoras, cargos públicos ou membros da Comisión Executiva de Somos Ribadumia en caso de incuprimento grave dos Estatutos ou do Código Ético. Estas propostas partirán da Comisión Executiva.

A Asemblea de SOMOS RIBADUMIA xuntarase sempre que sexa preciso e, en todo caso, cunha periodicidade mínima de 6 meses dende a última asemblea celebrada.

A convocatoria da Asemblea será realizada pola Comisión Executiva, que tamén acordará o lugar, horario de celebración e orde do día. No caso de que algún veciño ou veciña ou un/unha colaborador/a queira incluír un punto na orde do día só llo ten que facer chegar á Comisión Executiva.

INCLUSIÓN

Calquera (**OPCIÓN A: veciño/a // OPCIÓN B: colaborador/a**) poderá solicitar a convocatoria dunha asemblea extraordinaria, para o cal deberá dirixirse á Comisión Executiva expoñendo a súa solicitude. A Comisión Executiva deberá convocala nun prazo máximo dun mes dende a petición.

A Comisión Executiva elixirá de entre os seus membros as dúas persoas que conformarán a mesa moderadora da Asemblea e redactarán a acta da mesma.

A mesa da Asemblea terá a facultade de moderar a asemblea, repartir as quendas de palabra e, se fose o caso, tempos de intervención. A mesa moderadora poderá amonestar, retirar o voto ou expulsar da asemblea algún/algunha participante que dea reiteradas mostras de falta de respecto ou insulte a outras persoas que participen na mesma. Tamén poderán suspender a asemblea en caso de altercado grave ou falta de respecto á mesma.

COMISIÓN EXECUTIVA: A Comisión Executiva é o equipo de traballo encargado de levar a cabo os acordos adoptados pola Asemblea e atender o día a día de SOMOS RIBADUMIA.

OPCIÓN A2.

A Comisión Executiva estará conformada por un mínimo de 6 e un máximo de 12 persoas, escollida pola Asemblea de SOMOS RIBADUMIA polo sistema que se regula máis adiante.

OPCION B2.

A Comisión Executiva estará conformada por un mínimo de 5 e un máximo de 11 persoas, sempre mantendo un número de membros impar, escollidos pola Asemblea de SOMOS RIBADUMIA polo sistema que se regula máis adiante.

Establécese un período máximo de 2 anos de “mandato” continuado da Comisión executiva, transcorrido ese período, ou antes se así se acorda polos seus membros ou por acordo da Asemblea, débese convocar unha Asemblea para valoración do traballo feito e elección de nova Comisión Executiva.

A Comisión Executiva debe designar entre os seus membros **a persoa ou persoas que traballarán como mínimo as seguintes responsabilidades: PORTAVOCÍA, SECRETARIADO, FINANZAS, COMUNICACIÓN, REDES SOCIAIS e GARANTE DOS DEREITOS DOS/DAS COLABORADORES/AS.** Tamén poderán designar outras responsabilidades concretas en función das necesidades de traballo ou dos acontecementos que poidan xurdir. Debe darse conta na seguinte asemblea das persoas designadas para cada responsabilidade.

Os/as membros da Comisión Executiva serán elixidos/as por todas e todos os colaboradores de SOMOS RIBADUMIA en Asemblea. O mecanismo de elección será o seguinte:

- Convocarase unha Asemblea, especificando na orde do día que se abordará a elección da Comisión Executiva.
- Só aquelas persoas rexistradas como Colaboradores/as de SOMOS RIBADUMIA poderán optar a ser membros da Comisión Executiva, excepto na asemblea fundacional, que poderá optar calquera persoa presente na Asemblea.
- Para poder optar esixírase ademais unha antigüidade dun mínimo de 6 meses de inscrición como colaborador/a **(excepto nesta primeira asemblea “fundacional” na que se obviara este punto)**

- Para que un/unha colaborador/a poida optar a ser membro da Comisión Executiva poderá autopropoñerse ou ser proposto/a calquera asistente á Asemblea. Neste último caso, o/a colaborador/a deberá explicitar se acepta ou non a súa proposta.
- No caso de non existir máis de 12 colaboradores propostas/os para formar a Comisión Executiva estas e estes quedarán nomeadas/os sen necesidade de votación.
- No caso de existir máis de 12 candidatas/os deberá realizarse un proceso de votación mediante listas abertas, no formato proposto pola Comisión Executiva

saínte, que poderá ser ben na propia Asemblea, nunha seguinte convocatoria extraordinaria ou a través de medios telemáticos.

Á Comisión Executiva correspóndenlle as seguintes funcións:

- Desenvolver os acordos e xestións que se establezan por parte da Asemblea.
- Atender o día a día de SOMOS RIBADUMIA.
- Designar, de entre as persoas membros, as distintas responsabilidades que corresponda.
- Apoiar o traballo de todas e de todos os representantes e cargos públicos de SOMOS RIBADUMIA, tanto no Concello coma en aqueles outros órganos nos que estean representados.
- Convocar as asembleas, acordar a orde do día, lugar e data de celebración.
- Exercer a portavocía (a través do/da portavoz designado/a) e facer públicos os acordos de SOMOS RIBADUMIA.
- Xestionar as finanzas (a través do/da tesoureiro/a) de SOMOS RIBADUMIA, e facer propostas para o financiamento da plataforma.
- Redactar e archivar (a través do/da Secretario/a) as actas das asembleas. Xestionar o rexistro de colaboradores.
- Redactar e proporlle á Asemblea todos aqueles documentos que teñan que ver con Somos Ribadumia, dende os Estatutos ou documentos organizativos, ata propostas de documentos para posicionamentos políticos e programas.
- Tramitar, de ser o caso, as propostas de sanción ou expulsión de colaboradoras/es, cargos públicos ou membros da propia Comisión Executiva en caso de incumprimento dos principios ou do Cógido Ético de SOMOS RIBADUMIA. O/A membro da Comisión Executiva designado/a como Garante dos Dereitos dos/das colaboradores/as será a persoa

encargada de tramitar este expediente. A decisión final a este respecto corresponderalle á Asemblea a proposta da Comisión Executiva.

Os acordos na Comisión Executiva tomaranse por consenso sempre que sexa posible, e en caso contrario, por votación. A Comisión Executiva poderá dotarse dun Regulamento de Funcionamento Interno se o considerase necesario. A aprobación do mesmo corresponderalle á propia Comisión Executiva.

As xuntanzas da Comisión Executiva serán abertas á participación das/dos colaboradoras/es. A tal fin, a convocatoria de ditas xuntanzas realizarase a través dos

medios de comunicación internos que se establezan (WhatsApp, correo electrónico, SMS, etc).

INCLUSIÓN

Os/as colaboradores/as que asistan ás xuntanzas da Comisión Executiva poderán (ou non) votar os acordos que se sometan a debate.

A Comisión Executiva poderá convocar nas xuntanzas da mesma profesionais que considere de interese cando os temas que se vaian tratar así o aconsellen; e tamén a veciños/as concretos/as, cando se vaia abordar algunha cuestión que lles afecte.

A Comisión Executiva poderá acordar a creación de **GRUPOS ESPECÍFICOS DE TRABALLO** cando así se considere necesario para o estudo de cuestións específicas e concretas. Estes grupos serán publicitados e estarán abertos á participación tanto de colaboradores/as coma de veciños/as. A moderación e coordinación destes grupos estará a cargo dos membros que a Comisión Executiva designe para iso.

As conclusións destes grupos de traballo teran carácter informativo non vinculante, e será a posteriori a Comisión Executiva ou a Asemblea a que acorde o posicionamento definitivo de SOMOS RIBADUMIA.

FINANCIAMENTO DE SOMOS RIBADUMIA:

OPCIÓN A3

SOMOS RIBADUMIA non se financiará a través de créditos con entidades bancarias, nin aceptará doazóns por parte de empresas que teñan ou poderían ter vinculación co Concello de Ribadumia.

OPCIÓN B3

SOMOS RIBADUMIA non se financiará a través de créditos con entidades bancarias, nin aceptará doazóns por parte de empresas.

A Comisión Executiva será a encargada de buscar alternativas de financiamento para cubrir os gastos de funcionamento de SOMOS RIBADUMIA (doazóns voluntarias, merchandising, rifas...).

Entre as posibilidades estará a opción de establecer unha cuota a aboar polas/os colaboradoras/es ou veciñas/os de xeito voluntario, sen que impago da mesma supoña deixar de ser colaborador/a ou impida asistir ás asembleas. O importe da cota será aprobado **pola Asamblea de SOMOS RIBADUMIA, así como os descontos ou bonificacións correspondentes.**

OPCION A4

As contas de SOMOS RIBADUMIA, **incluído o rexistro de doazóns**, serán públicas e estarán a disposición da veciñanza para consultar.

OPCION B4

As contas de SOMOS RIBADUMIA, incluído o rexistro de doazóns, serán públicas e estarán a disposición da veciñanza para a súa consulta, sempre respectando as limitacións establecidas pola Lei de Protección de Datos.

Para o todo non previsto no presente documento, atenderase a lexislación vixente ou o criterio da Asemblea.